

Espellismo

Juan F. VILLAR

Aquel mozo que marchaba para A Habana volveu para a súa aldea porque tivo medo do mar, extensión de auga sen nomes que o aturdía con só mirala. Contemplando o horizonte dende o porto vía como as onda tragaban os barcos e non perdoaban nin sequera ao fume. As negras columnas dos vapores adelgazaban e sumíanse ata confundirse coa nada. Era o valeiro o que as engulía. Foi entón cando lle tivo medo ao mar e imaxinou que ao mellor tamén o tragaba a el sen contemplacións. Non é que fora un coitado ou un tonto, non; pero aquel caldo visguento desconcertábo e decidiu ir para a súa casa, da que, pensándoo ben non tiña grandes motivos para saír: Dous cuñados interesados, algúns reveses coa colleira dos últimos anos, un pleito de terras, certas decepcións,... A Habana podía quedar onde estaba. Ademais el nunca tivo moitas ganas de ir ás Américas, onde, segundo contaban era tal a calor, que as xentes morrían cos ósos amolecidos de tanto beber auga. Sen máis dilacións decidiu regresar ao terruño coa certeza de que se rirían del e coa tranquilidade do que fai o que lle vén en gana.

De volta no tren e medio durmido, compraciábase escoitando unha discusión sobre a tise e a ventilación das casas: “Aire, moito aire, e amplos ventanais para que penetre o sol”. O que falaba era un médico recién chegado de Alemaña, e parecelle que todo o que dicía era verdade e que nas aldeas estaban moi atrasados. Oíndoo teríalle gustado ser médico. Os asentos de madeira eran infernais e botaba de menos o lento vaivén dos carros e a tepedez dun bo monte de herba nunha noite de primavera con cometas fulgurantes.

En Guillarei subiron ao vagón as fillas do boticario de Castrelo equipadas con bolsas, luvas e parasoles. Ían acompañadas por unha criada vella e mandona que non as deixaba en paz. Acomodáronse moi ergueitiñas fonte a el, nos mesmos asentos que acababan de deixar libres o médico e os seus acompañantes. A criada sacou

unhas almofadiñas e insistiu ata o aburrimiento en que as puxeran no respaldo. As tres rapazas rexeitaron a coro a proposta. A máis nova delas, María Flora, non deixaba de miralo dunha forma extraña. Parecía como se quixese sorbelo; e a el aquilo desazábao cada vez máis. María Flora tiña o pelo negro e aveludado e a cara en forma de améndoa coma a da Virxe do Portal.

Ao chegar a Ribadavia tivo que agardar un chisco pola dilixencia. Como non sabía que facer púxose a contemplar embobado a torre da igrexa de San Francisco, que dende o seu observatorio, xunto á ponte, lle pareceu descomunal. No fondo tiña vocación de arquitecto, aínda que o seu forte non fora precisamente o cálculo.

As señoritas viñéronas buscar nunha carretela, e ao pasar polo seu lado fixouse en que María Flora o seguía mirando coa súa extraña maneira, coma se de verdade quixese sorbelo cos ollos. Por un intre volveu a desazarse. Naquel momento as andoriñas comezaron a dar voltas arredor da torre e el puido observar, admirado, que describían unha curva luminosa que partía o ceo en múltiples espellos. Suspirou. Tamén tiña vocación de poeta.

Pasadas as dúas da tarde arrincou por fin a dilixencia. El ía outra vez somnolento e estivo a piques de deixarse levar ata Ourense. Dende Sampaio aínda tivo que andar un bo rato para chegar a Santa Cristina. Prefería o atallo entre as viñas e o monte á estradiña que acababan de constuír por baixo do Castro. Non o agardaba ninguén e ao velo quedaron extrañados. Durante a cea deuse conta por algunhas insinuacións e frases soltas de que as súas irmás xa se repartiran as fincas. Observábano como a un intruso; pero a el as súas miradas inquietábano menos que as de María Flora, cravadas no seu pensamento dende a mañá. Deitouse cedo. A primavera presentábase seca e el tiña calor. Polo ventano do seu cuarto, apenas se colaba unha estrela, e, dende logo, moi pouco aire. Lembrou entón as palabras do médico sobre a tise e a ventilación. Decidida-

mente faría algo. Durmiu con aquela querenza e coa intranquilidade dunha imaxe luminosa aco-sándoo na penumbra.

Ao día seguinte, e mentres axudaba ao canteiro a agrandar a ventá do seu cuarto, Ramiro viu a carretela das señoritas. Era María Flora a que a

levaba, e ao bordear a casa as súas meniñas quedaron flotando no espazo, distantes e á vez fixas, sorbéndoo de arriba a abaixo. No seu ensimismamento pensou que era bo abrir ventás, e non só para o aire; senón para ver pasar os ollos daquela nena camiño de Santa Marta.